

V CONCURSO FOTOGRAFICO



SE EU PODO, TI TAMÉN



CONCELLO
DE NOIA



CENTRO
DE INFORMACIÓN
À MULLER

CIM

V CONCURSO FOTOGRÁFICO “SE EU PODO, TI TAMÉN”

BASES

Dende a **Concellaría de Benestar, Igualdade** do **Concello de Noia** a través do **Centro de Información á Muller (CIM)** convoca o **V CONCURSO FOTOGRÁFICO “SE EU PODO, TI TAMÉN”**

TEMÁTICA DAS FOTOGRAFÍAS

As fotografías deberán tratar sobre a corresponsabilidade de homes e mulleres no espazo público, privado e/ou doméstico. Nelas poderán aparecer tanto persoas do sexo masculino como feminino, ou calquera outra imaxe que reflicta o espírito do concurso.

O xurado resérvase o dereito de aceptación das obras segundo se axeiten ou non á temática requerida.

As fotografías presentadas deberán ser inéditas, e non se aceptarán as que foran seleccionadas noutro concurso ou certame. As imaxes deberán ser orixinais, non se admitirá ningunha fotografía con dereitos de propiedade intelectual que non pertencen integralmente e sen excepción ao propio participante.

PARTICIPANTES

Poderá participar no concurso todas aquelas persoas afeccionadas interesadas que o desexen.

PRESENTACIÓN DAS FOTOGRAFÍAS

A participación no concurso é gratuíta e realízase mediante a presentación dun sobre dirixido ao Centro de Información á Muller do Concello de Noia (CIM), edificio de Servizos Sociais, ubicado na Rúa do Curro, nº 4, coa inscrición: V CONCURSO FOTOGRÁFICO “SE EU PODO TI TAMÉN”.

Unicamente se admitirá un máximo de catro fotografías por participante.

Dentro do sobre deberán estar presentes tres elementos:

1. A fotografía presentada a concurso.
2. Un CD ou DVD que conteña a fotografía que se presenta.
3. Instancia na que aparezan os seguintes datos do participante: nome e apelidos, número do documento de identidade, dirección e datos de contacto (teléfono e/ou correo electrónico) e título da fotografía.

REQUISITOS TÉCNICOS

A medida máxima das fotografías será de 50x 70 cm e presentaranse en cartón pluma.

As imaxes presentadas en CD ou DVD deberán estar en formato JPG ou JPEG, cunha resolución superior a 2048 X1536 píxeles.

A técnica usada será libre, en branco e negro ou cor, e cos retoques que o autor/a estime necesarios para transmitir o obxectivo do concurso.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS FOTOGRAFÍAS

O prazo de recepción das fotografías estará aberto ata as 14:00 horas do 5 de marzo de 2012.

PREMIOS

Concederanse tres premios ás tres mellores fotografías:

- 1º premio dotado cunha cantidade de..... 300 €**
2º premio dotado cunha cantidade de..... 200 €
3º premio dotado cunha cantidade de..... 100 €

O contido completo das bases poderase consultar nos taboleiros de anuncios do Concello de Noia e no edificio onde se ubica o CIM